

RRI
E.I.CARMEN CERVIGÓN
R.I.B.S. PADRE RUBINOS

INDICE

INTRODUCCIÓN

1. OBXECTO

CAPÍTULO I. DATOS DO CENTRO

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO

CAPÍTULO II. FUNCIONAMENTO

1. DEFINICIÓN

2. OBXECTIVOS DA ESCOLA

3. CAPACIDADE

4. CALENDARIO E HORARIO DE FUNCIONAMENTO

5. SERVIZOS BÁSICOS QUE OFERTA

1. Servizo de atención educativa

2. Servizo de comedor

3. Servizo de horario ampliado

4. Actividades complementarias e extraescolares

6. SISTEMAS DE ADMISIÓN E BAIXAS

1. Dereitos de admisión

7. PROCEDEMENTO DE INGRESO

1. Renovacións

2. Novos ingresos

3. Casos especiais

4. Matrícula

5. Vacacións

6. Causas de baixa

7. Período de adaptación

8. Réxime de saídas

CAPÍTULO III. PERSOAL

1. ORGANIZACIÓN INTERNA

2. PROCEDEMENTO PARA SUSTITUCIÓN E IMPREVISTOS DE PERSOAL

CAPÍTULO IV. NORMATIVA REFERENTE AOS NENOS E ÁS NENAS

1. DEREITOS DOS NENOS E NENAS

2. NORMAS DE FUNCIONAMENTO

1. Referidas aos horarios

2. Normas de saúde



3. Medicación

4. Hixiene

5. Roupa e calzado

6. Normas de convivencia

3. A LINGUA

4. FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE NENOS E NENAS

CAPÍTULO V. NORMATIVA REFERENTA Á FAMILIA

1. DEREITOS E OBRIGAS DOS PROXENITORES, TITORES E REPRESENTANTES LEGAIS

2. INSTRUMENTOS DE INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS

CAPÍTULO VI. RÉXIME DE COBRAMENTO

1. ACTUALIZACIÓN DE PREZOS

2. FORMA E PERÍODO DE PAGO

3. FACTURA

4. RÉXIME DE RESERVA DE PRAZA PARA O CASO DE AUSENCIAS/VACACIÓNS

CAPÍTULO VII. NORMATIVA REFERENTE Á INFRAESTRUCTURA DO CENTRO

1. MEDIDAS DE SERGURIDADE E HIXIENE

CAPÍTULO VIII. NORMATIVA APLICABLE



INTRODUCCIÓN

1. OBXECTO

A escola Infantil Carmen Cervigón é unha escola infantil adicada a nenos e nenas de 0-3 anos para cubrir as necesidades educativo-sociais existentes na actualidade, pretendendo axudar á conciliación da vida laboral e familiar de todos aqueles pais e nais que teñen fillos en idades temperás (0 a 3 anos) .

O presente regulamento ten por obxecto a regularización do servizo de escola infantil (0-3 anos, primeiro ciclo de educación infantil) como servizo social e educativo, proporcionando ó neno e á nena unha educación escolar acorde coas súas necesidades, valéndose das técnicas pedagóxicas máis idóneas e enmarcando a educación no ámbito cultural do que o/a neno/a forma parte.

CAPÍTULO I. DATOS DO CENTRO

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO

NOME DO CENTRO: Escola Infantil Carmen Cervigón

Enderezo: Ronda de Outeiro, 325, 15011 A Coruña.

Teléfono: 981901122

e-Mail: escuelainfantil@padrerubinos.org

Web: www.padrerubinos.org

DIRECTORA/COORDINADORA: Almudena Carro Seijo

TITULARIDADE

ENTIDADE TITULAR: Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos

NIF: G15074743

ENDEREZO: Ronda de Outeiro, 325, 15011 A Coruña.

REPRESENTANTE LEGAL: Eduardo Aceña García

Nº INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS: E-34-C-4

AUTORIZACIÓNS

Data do Permiso de Inicio de Actividades.- PIA: 20/08/2014

Licenza Municipal: 26/08/2014

TIPO DE XESTIÓN: Directa

CAPACIDADE: 95 prazas autorizadas distribuídas en 7 unidades.



CAPÍTULO II. FUNCIONAMENTO

1. DEFINICIÓN

A Escola Infantil é un equipamento diúrno de carácter educativo e asistencial, dirixido ao sector infantil da poboación de ata 3 anos de idade, tendo por obxecto o desenvolvemento harmónico e integral dos/as nenos/as, realizando ademais unha importante labor de apoio á función educativa da propia familia á vez que se facilita o acceso dos pais/ nais ao mundo laboral.

2. OBXECTIVOS DA ESCOLA

- Contribuír ao desenvolvemento do neno/a nun ambiente relaxado e cordial, potenciando, a través do xogo, as capacidades coas que nacen todos os nenos e nenas: cognitivas, psicomotrices, de autonomía, lingüísticas, afectivas....
- Desenvolver un réxime de igualdade entre nenos e nenas e con carácter aberto á diversidade, desenvolvendo actitudes de respecto e solidariedade.
- Promover hábitos saudables que achegan seguridade ao neno/a e faciliten a adquisición progresiva de autonomía.

3. CAPACIDADE

A escola conta con 7 unidades e 95 prazas autorizadas distribuídas en:

2 unidades de 0 a 1 anos, 8 prazas en cada unidade, máximo 16 prazas.

3 unidades de 1 a 2 anos, 13 prazas en cada unidade, máximo 39 prazas.

2 unidades de 2 a 3 anos, 20 prazas en cada unidade, máximo 40 prazas.

No caso de non existir demanda suficiente para formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade, os nenos e nenas poderán ser agrupados conforme á seguinte proporción:

- Grupos formados por nenos e nenas de ata 2 anos de idade: 1/10.
- Grupo formados por nenos e nenas de idades comprendidas no tramo 0-3: 1/15

4. CALENDARIO E HORARIO DE FUNCIONAMENTO

O centro abrirá durante un mínimo de 8 horas diarias, en xornada partida ou continuada, cinco días á semana de luns a venres (excepto festivos), salvo causas xustificadas, que se notificarán a todos os usuarios coa suficiente antelación.

5. SERVIZOS BÁSICOS QUE OFERTA A ESCOLA

1. Servizo de atención educativa

A escola infantil conta cun proxecto educativo propio que se axusta na súa estrutura ao Decreto 150/2022 do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e ao Real Decreto 95/ 2022 de 1 de febreiro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.



A Escola Infantil conta cun horario mínimo de atención educativa de 3 horas (9-12h), horario obrigatorio na escola para a permanencia do alumnado

2. Servizo de comedor

A escola conta con servizo de comedor propio con cociñeira na escola. O centro dispón dun espazo de uso exclusivo onde o alumnado poderá tomar as comidas principais e merendas. Dito espazo cumpre a normativa vixente de manipulación de alimentos e de control sanitario.

Os menús son supervisados por un médico con coñecementos en nutrición humana e expostos no taboleiro de anuncios.

As familias disporán dunha relación mensual dos menús previstos.

Os nenos e nenas usuarios/as fixos de comedor e merenda que non vaian a utilizar o servizo deberán avisar con antelación ou ben o mesmo día antes das 12 horas da mañá.

O servizo de comedor está dispoñible para todos os nenos e nenas da escola que o contrataran. No caso de necesitar este servizo días soltos, se solicitará antes das 12 horas do día que se necesita.

Na cociña da escola prepáranse outros menús en casos de intolerancias ou alerxias alimentarias, presentando previamente o correspondente informe médico no que se sinala a alerxia ou intolerancia. Tamén é posible solicitar a realización de dietas astringentes ou laxantes de forma temporal.

Ademáis do xantar, a escola ofrece os servizos de almorzo e merenda, para as familias que os desexen contratar.

3. Servizo de horario ampliado

Enténdese por horario amplo a atención os/ as nenos/ as por parte do centro polo menos durante 10 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evítase que o/a neno/a prolongue a súa estancia no centro máis de 8 horas diarias, agás que circunstancias excepcionais, que deberán en todo caso xustificarse, o determinen.

A escola oferta un horario de 7:30 a 17 horas, polo que se está a ofertar 9 horas e media.

4. Actividades complementarias ou extraescolares

O centro non oferta actividades complementarias. Todas as actividades son transversais ao currículo educativo: Festivais de Nadal e fin de curso, magosto, celebración de días especiais...

Non se ofertan actividades extraescolares.

6. SISTEMAS DE ADMISIÓN E BAIAS

O sistema de admisión será por rigorosa orde de reserva de praza, facéndose efectiva a matrícula co pago da correspondente cota de reserva de praza, que será compensada ao inicio de curso en concepto de pago de material.

Tanto na matrícula como na lista de espera (en caso de que haxa) teñen prioridade en primeiro lugar os irmáns e irmás dos nenos e nenas que teñan praza renovada na Escola, e en segundo lugar os que remataran ese mesmo ano.

Se non se dá esta situación o criterio de adxudicación será por rigorosa orde de presentación.



No caso de que haxa máis solicitudes que prazas para un mesmo ano de nacemento, e cumpren o criterio de ser irmás ou irmáns de nenos/as renovados ou que remataron ese ano o criterio de desempate será a data de nacemento, tendo prioridade o máis maior.

O sistema para dar de baixa definitiva na escola a un alumno /a, será por escrito, por parte das familias, con 15 días de antelación, no caso contrario, cobrarase o mes correspondente completo á familia.

Aceptaranse solicitudes de alumnos/as con necesidades educativas especiais, aínda que o seu ingreso quedará supeditado á existencia de condicións estruturais e de persoal adecuadas. A condición de discapacidade deberá ser acreditada documentalmente mediante certificación expedida polo organismo correspondente ou informe psicopedagóxico emitido polos equipos de valoración.

As familias con nenos/as matriculados/as na escola que desexen renovar a súa praza no centro, deberán cubrir o modelo de solicitude correspondente durante o prazo que se determine, que deberá ser en todo caso previo á apertura de prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso. Non poderán renovar praza as familias que teñan débedas coa escola.

Unha vez esgotada a lista de espera, e si quedan prazas vacantes, poderán ser cubertas por aqueles/as alumnos/as que soliciten a súa incorporación ao centro unha vez comezado o curso escolar.

Non poderán solicitar praza na escola aquelas familias que teñan algunha débeda anterior coa mesma.

1. Dereito de admisión

A escola resérvase o dereito de admisión e o dereito á non renovación ou nova matriculación de aqueles alumnos que non respectasen a normativa do centro ou os que non asinen a aceptación da mesma no momento de formalizar a matrícula

7. PROCEDEMENTO DE INGRESO

1. Renovacións

- Os nenos e nenas que renoven praza na escola, entregarán no prazo establecido, a documentación de renovación de praza xunto co importe correspondente da mesma.
- Os nenos e nenas que non renoven durante o prazo establecido, terán a consideración de NOVO INGRESO, pagando a cota correspondente e perdendo a prioridade na matrícula

2. Novos ingresos

Os pais/nais, titores/as ou representantes legais das persoas usuarias, deben coñecer antes de formalizar a solicitude de reserva de praza / matrícula as Normas de Funcionamento da escola infantil. A escola facilitaralle, polos medios acordados, as citadas Normas visadas polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.

O sistema de admisión respectará o principio de igualdade e non discriminación. Atenderase as solicitudes por orde de presentación e, no caso en que a documentación presentada sexa incorrecta ou insuficiente requirirase ás persoas solicitantes a súa emenda .

Asi mesmo, facilitarase ós proxenitores, titores ou representantes legais das persoas usuarias, un xustificante no que conste o número de inscrición da solicitude.

Este centro está acollido ás axudas para o fomento da gratuidade da atención educativa e da matrícula. No momento da inscrición do alumno/a cobrarase a cantidade especificada no listado de prezos en concepto



de reserva de inscrición. Constatada a asistencia ao centro escolar, este importe será compensado con outros servizos distintos da atención educativa que preste o centro. De non producirse a incorporación ao centro no mes de setembro, o importe da reserva de inscrición en ningún caso será reintegrado.

O resto de servizos distintos á atención educativa e a matrícula ofrecidos pola escola serán abonados polos usuarios, ao tratarse de servizos non bonificados pola Xunta de Galicia.

Todos os pais e nais, titores/as e representantes legais que queiran solicitar praza deberán achegarse á escola e realizar a matrícula, facendo efectivo o pago da reserva de praza e cubrindo a matrícula para a prestación dos servizos que se solicitan e que o vinculará coa escola durante ese curso escolar, que comeza en setembro dese ano.

Todos os nenos e nenas que non obteñan praza, teñen dereito a solicitar lista de espera, non tendo compromiso algún de aceptación da praza no caso de que quedase unha vacante e tampouco terán que pagar a cota correspondente á reserva ata que obteñan praza.

A matrícula garante a praza en setembro dese mesmo ano, sempre e cando se siga cumprindo a normativa da escola.

3. Casos especiais

As familias que decidan matricular aos seus fillos/as e o primeiro día de curso non puidesen comezar o curso escolar (nenos/as non nados na data ou menores de 16 semanas ou alumnado que por diversos motivos non quixeran comezar en setembro) deberán aboar as mensualidades restantes ata o momento do inicio do neno/a na escola, a cota a pagar será a de xornada mínima de 8 horas, máis a parte proporcional da matrícula prorrateada en 11 mensualidades.

No caso de non pagar esas mensualidades, perderían a praza, aínda tendo pagada a reserva, xa que esta só cubre ata o primeiro día do curso vixente

A escola non reservará ningunha praza que non teña a solicitude debidamente cuberta e a cota correspondente aboada

4. Matrícula

A matrícula formalizarase por parte dos pais/nais, titores/as ou representantes legais mediante:

- Ficha de datos cuberta polas familias na que conste o horario de asistencia que os pais/nais, titores/as e representantes legais solicitan.
- Foto carné do neno/a.
- DNI das persoas solicitantes.
- Autorización xeral para tratamento de audiovisuais, protección de datos, etc...asinado polos pais/nais, titores/as e representantes legais do neno/a.
- Fotocopia da tarxeta de vacinación actualizada.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- Fotocopia do libro de familia ou documento acreditativo do nacemento do neno/a.
- Sentenza de demanda de divorcio e escrito dun xuíz ou do persoal de benestar social que leve o caso, se fose preciso, especificando quen ten a custodia do neno/a, réxime de visitas etc

5. Causas de baixa

- Fin do 1º ciclo de educación infantil.



- Solicitud de dos pais, nais, tutores/as ou representantes legais, con quince días de antelación.
- Falta de pagamento dos servizos utilizados durante dous meses consecutivos ou tres alternos.
- Problemas de saúde do/a neno/a
- Incumprimento das normas do centro
- Por comprobación de falsidade dos datos dos documentos que sexan facilitados polos pais/nais, tutores/as ou representantes legais
- Por incompatibilidade e inadaptación para permanecer na Escola Infantil.
- Ausencia non xustificada durante 15 días.

Se algún alumno/a incumpre o pago dos servizos contratados, perderá a praza na escola, aínda que teña a reserva de praza actualizada para o curso seguinte, xa que se considera incumprimento da normativa; isto quere dicir, que calquera alumno ou alumna, chegado o mes de renovación da matrícula, e tendo aboada a correspondente cota de renovación, decide non pagar algún dos servizos contratados, perderá a praza para o curso seguinte, podendo reservar a praza como novo alumno/a sempre que haxa vacantes dispoñibles e tendo en conta que a escola resérvase o dereito de admisión.

6. Período de adaptación

Uns días antes de que comece o curso, faremos unha reunión con tódolos pais e nais, tutores/As ou representantes legais dos nenos/as que acudirán á escola para explicarlles como vai ser o período de adaptación: actitudes dos nenos/as, tempo de permanencia na escola, actitude que manterán os pais/nais, tutores/as ou representantes legais e así para favorecer a adaptación...

8. Réxime de saídas

No caso de que a escola realice algunha saída do centro, será avisada por escrito e con antelación a todos os pais e nais, tutores/as e representantes legais que deberán dar o seu consentimento, no caso de que non consintan a saída, non poderán asistir á escola nesa data, xa que o persoal de aula non estará na escola para atendelo.




CAPÍTULO III. PERSOAL

A escola cumprirá en todo momento as rateos de persoal establecidas na normativa de aplicación.

1. ORGANIZACIÓN INTERNA

A escola está formada por:



2. PROCEDEMENTO PARA SUBSTITUCIÓN E IMPREVISTOS DE PERSOAL

Sempre que un educador cause baixa na escola por un período determinado, e sexa necesario, será substituído por persoas coa titulación esixida e que forman parte da bolsa de curriculums existentes na escola. Cando se produza unha vacante, cubrirase inmediatamente por persoal cualificado.

CAPÍTULO IV. NORMATIVA REFERENTE AOS NENOS E ÁS NENAS

1. DEREITOS DOS NENOS E NENAS

- A ser educados/as en igualdade, a ter os mesmos dereitos e posibilidades sen distinción de sexo, cultura, orixe ou relixión
- A unha educación global, na que se desenvolvan tódolos principios básicos e obxectivos do currículo da educación infantil
- A contar con educadores/as especializados/as, formados con continuidade
- A ser educados nun ámbito educativo cálido, agarimoso e especializado en educación

- Acceder ao centro e recibir asistencia sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, xa sexa de nenos, nenas ou adultos.
- A que os/as nenos/as reciban unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- A que os/as nenos/as reciban unha formación integral nas dúas linguas oficiais do estado, na medida do posible. Sen prexuízo disto, tratarase de potenciar o uso da lingua galega, pero sempre respectando o dereito dos pais a elixir a lingua con que pretende que se forme ós seus fillos/as.
- A que se respecte a integridade e dignidade persoal dos/as nenos/as.
- Sixilo profesional acerca dos datos ou historia social, sanitaria ou escolar.
- A que os/as nenos/as realicen as saídas velando pola súa seguridade, sempre e cando vaian acompañados dos adultos responsables do seu entorno familiar, o en todo caso con autorización escrita por parte dos pais, nais ou representantes legais.
- Á intimidade persoal en función das condicións estruturais do centro.
- A que se lle facilite o acceso á atención social, sanitaria, educación, cultural e, en xeral a tódalas necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.
- A recibir un tratamento individualizado de contido educativo cara á súa integración socio familiar, que terá como obxectivos prioritarios a súa protección, educación e formación.
- A asociárense co obxecto de favorecer a súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades do centro.
- A seren informados de xeito comprensible tanto das medidas adoptadas respecto deles como do desenvolvemento diario do/a neno/a, e a pedir explicación de canto afecte á súa propia educación.
- A ser educados/as para a comprensión, tolerancia e convivencia democrática, posibilitándolles que poidan facer uso das súas opcións de forma libre e persoal.
- A participación dos pais/ nais/ titores/as ou representantes legais nas actividades educativas como: festas escolares, (magostos, nadal, entroido,...), conta-contos, axudas na preparación de materiais para o traballo dos/as alumnos/as.

2. NORMAS DE FUNCIONAMENTO

1. Referidas aos horarios



Ao formalizar a matrícula establecerase o horario que fará o neno ou a nena durante o curso, que se deberá respectar ao longo deste, así como a máxima puntualidade tanto á entrada como á saída. Respectando os horarios, conseguiremos maior organización e mellor funcionamento.

Non se pode chegar á escola ou saír da mesma fora dos horarios establecidos de entrada e saída, salvo causa debidamente xustificada e acordada previamente coa escola (nenos ou nenas con NEE que necesitan acudir a algunha actividade ou terapia fora da escola) ou por un feito puntual (acudir ao médico...).

No caso de querer cambiar o horario acordado nun principio será suficiente con comunicarllo á titora.

No caso de ir ao médico e chegar fora de horario, avisarase o día anterior ou a primeira hora da mañá.

2. Normas de saúde

- Os nenos e nenas deberán acudir á escola en condicións correctas de saúde e hixiene. No caso de detectarse a presenza de parásitos (piollos, liendres...), non poderán asistir á escola ata a total desaparición despois da aplicación do tratamento correspondente.
- Os nenos/as que presenten síntomas de padecer algunha doenza infecto-contaxiosa (gastroenterite, conxuntivite, gripe, varicela, etc.), non poderán acudir á escola ata pasado o período de contaxio, que no caso de dúbida será confirmado por un informe do pediatra
- En casos febrís, a educadora poñeráo canto antes en coñecemento dos pais ou titores para que pasen a recoller a o neno ou nena. Non poderá volver á escola ata pasadas 24 horas dende o momento en que se foi con dito estado febril.
- No caso de enfermidade ou accidente acontecido no centro, poñeráse canto antes en coñecemento dos pais ou titores e, se é o caso, garantirase a asistencia médica necesaria.
- Sumamente importante é comunicar as alerxias (de calquera tipo) e posibles problemas de saúde. Nestes casos, a escola necesitará o informe médico coas conseguíntes recomendacións.
- As faltas de asistencia por enfermidade deberán comunicarse á escola.
- O persoal da escola declina toda responsabilidade que se derive da mala actuación familiar cando o/a neno/a asiste á escola enfermo/a ou por non acudir a recollelo en canto se avisa.
- A educadora necesita saber cando o neno ou a nena pasa mala noite ou parece estar a incubar algunha enfermidade; desta forma saberá a que a terse. Pregamos coméntalo á chegada á escola.

3. Medicación

Cando os nenos/as precisen medicación e a súa asistencia ao centro estea autorizada polo médico , as familias axustarán a dose fóra dos tempos de permanencia na escola.

Na escola non se subministrará ningún tipo de medicación aos nenos e nenas, salvo en caso de urxencia, seguindo as instrucións das autoridades sanitarias previa chamada ao 061, dando aviso ás familias do acontecido.



4. Hixiene

O neno e a nena conviven durante moitas horas ao día con outros/as nenos/as, ganean, tíranse no chan, xogan no chan..., polo que é necesario unha escrupulosa hixiene ao chegar á casa. Recoméndase revisar cada poucos días o cabelo para descartar a existencia de parasitos así como manter as uñas cortadas.

5. Roupas e calzado

- Os nenos e nenas veñen a xogar, pintar, tirarse no chan..., polo que a súa roupa deberá ser cómoda
- Aconsellamos e agradecemos que vistan chándais, mallas, pantalóns con cintura elástica, etc. Non se admiten petos, cintos ou tirantes e o calzado debe ser sen cordóns.
- É obrigatorio o uso de mandilón dende o momento que andan con seguridade. Este virá posto da casa ou o poñerán os pais/nais cando se entre na escola. Recoméndase ter dous para facilitar o seu lavado dada a importancia de traelo todos os días da semana.
- Deberían ter na escola unha viseira para saír ao patio exterior en días soleados.
- Nos meses de primavera e verán aplicaráselles, na casa, crema solar de alta protección para poder estar no patio sen riscos de queimaduras solares.
- Toda a roupa (abrigos, chaquetas, mudas...) deberá vir marcada co nome. Non se admitirán pezas sen marcar nin nos responsabilizaremos daquilo que se poida extraviar por non estar claramente marcado
- Recomendamos tamén que os nenos/as con melena traían o pelo recollido con gomas elásticas, pois as pinzas gardan certo risco de ser levadas á boca.
- Esta escola dispón de calefacción durante os meses fríos, polo que non convén abrigar demasiado ao neno/a. Unha camiseta interior de tirantes e un polo de manga corta debaixo do mandilón é mais que suficiente. Recomendamos para estas pezas o algodón 100% (mellor transpiración, máis suavidade na pel...)
- Non recomendamos o uso de cadeas, pulseiras ou aneis por levar consigo certos riscos para a súa seguridade. O centro non se responsabiliza da perda destes nin doutros obxecto.

6. Normas de convivencia

- Estas normas de convivencia son a base para acadar unha harmonía no día a día:
- Respectar aos demais sen condicionalos por sexo, raza, orixe ou relixión.
- Compartir os xogos e xoguetes aceptando que son uns materiais de uso común e non individual.



- Rexeitar a violencia como diálogo, aprendendo a entenderse falando e comprendendo o outro.
- Para o correcto funcionamento do centro será necesario respetar os horarios que figuran no anexo.
- Os/as Pais/Nais, titores/as e representantes legais, deberán entregar e recoller ao/á neno/a nas horas acordadas.
- Se algún día o neno/a tivera que ser recollido por outra persoa, esta deberá estar autorizada expresamente polo pai/nai, titores/as e representantes legais. O persoal da escola está obrigado a solicitar o DNI ou documento identificativo equivalente á persoa que veña recollelos no caso de non coñecela e comprobar se está na listaxe de persoas autorizadas. De non producirse a identificación, o/a alumno/a non poderá ser entregado/a, procedéndose ao contacto coa nai, pai ou representante legal.
- Teranse en conta as cuestións concretas establecidas por resolución xudicial que deberán ser postas en coñecemento da dirección da escola por quen ostenta a garda e custodia do/a neno/a.
- Os/as nenos/as deberán gozar dun mes enteiro de vacacións que coincidirá, con carácter xeral, co mes de peche do centro. Non obstante o anterior, poderase solicitar os seu goce nun mes distinto. Se fora este o caso a familia deberá aboar o importe da atención educativa correspondente a ese mes.
- A matriculación do neno/a na Escola Infantil supón a total aceptación deste Regulamento de Réxime Interior así como da Normativa específico do centro durante o Curso escolar.

3. A LINGUA

Os documentos oficiais da escola poderán entregarse en galego ou castelán.

Na etapa de educación infantil o persoal educador empregará na aula as dúas linguas cooficiais, fomentando a participación en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas . As palabras e o vocabulario propio de cada unha das linguas cooficiais actuarán como nexos de unión desde o que enriquecer a bagaxe cultural e desenvolver a sensibilidade e a creatividade, de xeito que se lle ofrece á infancia, simultaneamente, a chave de acceso a unha cidadanía crítica, solidaria, igualitaria e comprometida coa sociedade.

De acordo co previsto no Decreto 150/2022, do 8 de setembro do 2022, as ensinanzas mínimas requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia

5. FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE NENOS E NENAS



Despois da familia, a escola é o principal axente educativo da infancia e a xuventude. Nela non só se aprenden coñecementos senón que tamén se adquiren actitudes, valores e normas de comportamento. Na escola, a educación non sexista implica a participación non só do profesorado senón tamén da familia e a sociedade en xeral.

Algunhas das propostas co-educativas dentro da escola son:

- Observar se as nenas e os nenos amosan na aula ou fóra dela unha actitude respectuosa e tolerante cos demais.
- Dende as primeiras etapas escolares fomentar, nos xogos e dinámicas, que non se discrimine a ninguén
- Practicar a inversión de roles. Por exemplo, facer obras de teatro onde as nenas poidan facer de nenos e os nenos poidan facer de nenas.
- Ensinar a nenas e nenos a utilizar os xoguetes indistintamente, sen pensar no xénero.
- Formar ao profesorado para traballar contra o sexismo na escola.
- Fomentar a creación de talleres co-educativos dirixidos ás nais, pais, titores/as e representantes legais, etc..
- Sensibilizar ás familias na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e o reparto de tarefas domésticas.
- Valorar a diversidade na escola como unha riqueza social.
- Introducir a perspectiva de xénero
- Promover a igualdade real entre mulleres e homes.
- Facer visibles ás mulleres en todos os aspectos da súa vida.
- Atender a afectividade e sexualidade das nenas e os nenos dun xeito san e responsable.
- Educar no respecto ós diferentes tipos de familias e ás distintas formas de convivencia.
- Favorecer a participación e a convivencia respectando a diversidade.
- Prever os malos tratos e a violencia de xénero.
- Aprender a usar linguaxes que non discriminen a ninguén.
- Reflexionar sobre o que ensinamos e como o ensinamos.

CAPÍTULO V. NORMATIVA REFERENTE Á FAMILIA



1. DEREITOS E OBRIGAS DOS/DAS PAIS/NAIS, TITORES/AS E REPRESENTANTES LEGAIS

DEREITOS

- Á información periódica polo persoal do centro dos acontecementos vividos polo menor.
- Á información sobre o menú servido no comedor.
- A visitar as instalacións e concertar as entrevistas persoais que se consideren necesarias nos horarios establecidos para tal fin.
- A formular as reclamacións que considere oportunas.
- A deixar de utilizar os servizos ou abandonar o centro co conseguinte preaviso.

DEBERES/ OBRIGAS

- A coñecer e cumprir as normas deste Regulamento de Réxime Interno.
- A asistir ás reunións que se convoquen e dar resposta ás circulares e notificacións esixidas polo centro.
- A participar na vida do Centro, colaborando en todo aquilo que mellore o bo funcionamento deste.
- A aboar as cotas correspondentes.
- A poñer en coñecemento das educadoras cantos datos sexan necesarios para o coidado do menor.
- A responsabilizarse en recoller ao neno/a en situacións de febre ou enfermidade.

2.- INSTRUMENTOS DE INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS

Informarase mediante as seguintes vías:

- A diario o neno e a nena son recibidos e despedidos pola súa tutora ou educador de apoio. Momento no cal se pode intercambiar información entre os pais e a educadora.
- Axenda diaria, en formato papel ou mediante a aplicación TokApp School ou similar
- Circulares e avisos xerais ou particulares mediante a aplicación TokApp School ou similar
- Reunións ao comezo do curso con todas as familias
- Titorías a petición da educadora ou das familias. Cada titora dispón dun horario para facer este tipo de reunións, que está exposto no taboleiro de anuncios da escola.
- Taboleiro de anuncios, onde se colocan os avisos importantes, os menús mensuais ou información importante da escola.

CAPÍTULO VI. RÉXIME DE COBRAMENTO

Unha vez realizada a inscrición e constatada a asistencia á escola infantil, o pagamento efectuado en concepto de reserva de praza será compensando en concepto de material que aporta a escola, engargándose as familias de aportar os enseres persoais (cueiros, toallíñas, roupa de muda, biberón...).



Se non se produce a incorporación no mes de setembro, data do inicio do curso, dun neno/a, agás causas xustificadas, non será devolta a cota da Reserva de Praza.

A non asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 15 días sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa da gratuidade, debendo abonar os seus tutores legais os importes que finalmente non sean subvencionados.

As cotas de servizos de comedor, cociña, reserva de praza, matrícula, horario amplo, horas extras, servizos complementarios ou actividades extras, etc. serán detalladas no documento Relación de Prezos que se publicará no taboleiro de anuncios do centro e no apartado correspondente do RUEPSS. Ditos importes serán aboados polas familias.

1. ACTUALIZACIÓN DE PREZOS

Os prezos das cotas poden ser actualizadas de acordo ao IPC anual.

2. FORMA E PERÍODO DE PAGO

Os pagamentos realizaranse do seguinte xeito:

- Unha vez comezado o curso tódolos recibos pasaranse por domiciliación bancaria o primeiro día lectivo de cada mes.
- Cando un recibo sexa devolto pola entidade bancaria, ao importe sumaráselle os gastos da devolución.
- No caso de baixas producidas durante o curso, os pais ou titores non terán dereito á devolución do recibo mensual xa emitido, si dita baixa non se notifica por escrito e con, polo menos, un mes de antelación.

3. FACTURA

Os pagos serán xustificados pola escola mediante facturas co detalle dos servizos prestados.

Realizaranse recibos selados pola dirección do centro no que conste a lenda “praza subvencionado ao 100% pola Xunta de Galicia para a atención educativa”.

4. RÉXIME DE RESERVA DE PRAZA PARA O CASO DE AUSENCIAS/VACACIÓNS

A non asistencia por enfermidade non eximen dos pagos mensuais da cota correspondente, xa que estes pagos garanten a reserva de praza durante todo o curso, no caso de que se produzan ditos impagos, a escola terá dereito a ofertar a praza correspondente sen previo aviso

Reserva de praza:

- No caso de vacacións ou ausencias debidamente xustificadas o centro reservara a praza do/a alumno/a.
- As familias que decidan matricular aos seus fillos/as e o primeiro día de curso non puidesen comezar o curso escolar (nenos/as non nados na data ou menores de 16 semanas ou alumnado que por diversos motivos non quixeran comezar en setembro) deberán aboar as mensualidades restantes ata



o momento do inicio do neno/a na escola, a cota a pagar será a de xornada mínima de 8 horas, máis a parte proporcional da matrícula prorrateada en 11 mensualidades.

CAPÍTULO VII. NORMATIVA REFERENTE Á INFRAESTRUTURA DO CENTRO

1. MEDIDAS DE SEGURIDADE E HIXIENE

A escola conta coas medidas de seguridade e hixiene esixidas:

- Sistema de análise de risco e control de puntos críticos, (diariamente rexístranse a temperatura de frigorífico e conxelador, de limpeza de utensilios e maquinaria, así como a entrada e estado de alimentos).
- Programa de desinfección, desinsectación e desratización con revisións periódicas.
- Ademais o centro conta con antipillados en todas as portas e detector de fumes en todas as dependencias.
- Unha empresa especializada en prevención de riscos encargarase de verificar que os sistemas de alarma para emerxencias e medios de extinción sexan os adecuados e que estean debidamente sinalados.
- Todo o persoal conta coa certificación de primeiros auxilios e a vacina da Rubeola, realiza anualmente unha revisión médica e conta co carné de manipulador de alimentos e co certificado de penales no que se acredita que non cometeron ningún delito sexual.

O centro conta con:

- Plan de Autoprotección implantado e inscrito no REGAPE (actuación para casos de emerxencia e evacuación).
- Póliza de Responsabilidade Civil / Sinistros-danos e de Accidentes.
- Follas de reclamacións a disposición de pais e nais.
- Rexistro de todos e todas os/as nenos/as matriculados/as
- Proxecto Educativo a disposición dos pais e nais
- Expediente individual de cada neno e nena.

CAPÍTULO VIII. NORMATIVA APLICABLE

- Decreto 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.



- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais.
- Lei 17/2011, de 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos de centros que impartan as ensinanzas do primeiro e segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
- Real Decreto 476/2013, de 21 de xuño polo que se regulan las condiciones de cualificación y formación que deben posuír os mestres dos centros privados de Educación Infantil y de Educación Primaria, Art. 2.2.. (BOE núm. 167, de 13 de xullo).
- Real Decreto 95/ 2022 de 1 de febreiro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.
- Decreto 150/2022 de 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ordes anuais polas que se regulan as axudas as escolas infantís.





1918 - 2018
REAL INSTITUCIÓN BENÉFICO SOCIAL
PADRE RUBINOS

CVE: MGVJ36FaNy
Verificación:

